

PAU 2025

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOGRAFÍA

(Cód. 35)

A cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas, de forma global, ata un máximo de 1 punto.

PREGUNTA 1. A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO FÍSICO EN ESPAÑA. (2,5 puntos) RÚBRICA DE RESPOTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso

Coñecementos

- Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades; non se define o tipo de modelado nin se fala da desertificación e do cambio climático. Non hai identificación dos documentos correspondentes á fotografía da paisaxe natural e o mapa corocromático de risco de desertificación en España.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
- A resposta non se axusta á extensión recomendada ou faino dun xeito forzado, en base de vaguidades.

Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado

Coñecementos

- Explica algunha característica do modelado arxiloso; identifica o mapa corocromático de risco de desertificación, mais non se define o proceso nin as consecuencias.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.
- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión recomendada.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable

Coñecementos

- Explica algunhas características do modelado arxiloso; identifica o mapa corocromático de risco de desertificación (segundo o recollido na rúbrica de sobresáinte), mais está incompleto ou non amosa unha comprensión clara e precisa do fenómeno, ou ben faltan matices.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.
- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión recomendada.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaliente**Coñecementos**

- Identifica a imaxe das Bardenas Reales como unha paisaxe natural correspondente a unha cunca ou depresión da España arxilosa, de formación cuaternaria, a partir do recheo da mesma a partir do arrastre de sedimentos das montañas circundantes e da acción fluvial.
- Explica as características do modelado arxiloso, produto da erosión do vento e da auga, co resultado de cárcavas ou badlands, terreos de aluvián facilmente arrasados polas choivas torrenciais.
- Caracteriza o clima propio da área, na depresión do Ebro, un clima mediterráneo interior con ampla aridez estival e escasas precipitacións anuais, o que deriva na escasa vexetación predominante, de matogueira e herbácea, non arbórea.
- Sinala outras áreas de abrigo de choiva e sotavento da península (sobre todo o SL peninsular) como áreas con forte risco de desertificación. Indícanse as causas antrópicas deste risco (sobrepastoreo, agricultura intensiva,...)
- Explica o incremento do risco de desertificación en España a consecuencia do cambio climático e ambiental, co aumento continuo das temperaturas medias anuais e da aridez na Europa mediterránea, da que España fai parte. Utilízanse referencias do propio enunciado da cuestión.

Redacción – extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada.
- A resposta axústase a extensión recomendada.

Exemplo de resposta tipo á pregunta 1 (300 palabras):

España é un país mediterráneo con escasas precipitacións medias, forte aridez estival e espazos desérticos ou subdesérticos, que aparecen en cuncas interiores e en espazos de abrigo de choiva, a sotavento das principais áreas montañosas. A aridez faise especialmente significativa no SL peninsular, nos que a horta murciana sobrevive grazas ás aportacións do transvasamento de augas desde o Texo.

A área das Bardenas Reales, en Navarra, é unha paisaxe natural desértica (árida, con escasa vexetación -rala e de matogueira, nunca con porte arbóreo- e modelado arxiloso, no que as cárcavas ou badlands alternan con barrancos, chemineas de fadas e outeiros testemuña ("cabezos") que resisten de vellos relevos tabulares); non é a única en España, pois o deserto de Tabernas (Almería) tamén acolleu filmacións de spaghetti western nos anos 1960, pola súa similitude cos desertos americanos); nas illas Canarias orientais, a ausencia de precipitacións tamén conleva a existencia de desertos.

O risco de desertización é un proceso de erosión natural; a desertificación é un proceso antrópico; o seu risco é elevado no noso Estado, como noutros países da contorna mediterránea. Factores humanos, asociados ás prácticas intensivas agrícolas, monocultivos, deforestación e sobrepastoreo, incrementan a conversión do territorio en espazos con perda de biodiversidade.

O quecemento global e o incremento da torrencialidade, que son causa do cambio climático antropoxénico e prefiguran un cambio ambiental en todo o planeta, acentúanse como factores de risco na área mediterránea. Nela estanse a producir deterioros nas paisaxes naturais, malia que o seu grao de protección se ten acentuado nas últimas décadas.

En conclusión, os espazos naturais protexidos como as Bardenas, posúen valores bióticos e abióticos que os configuran como lugares de lecer e conservación, aínda que non exentos de riscos ambientais.

PREGUNTA 2. ORDENACIÓN DEL TERRITORIO EN EL ENFOQUE ECOSOCIAL. LA POBLACIÓN ESPAÑOLA: ANÁLISIS DE SU ESTRUCTURA Y DESEQUILIBRIOS. Observe o mapa e responda un destes dous apartados.

2.1. Identifique a actividade económica representada na figura 4. Sinalen cinco provincias cunha ocupación entre 66.000 e 94.000. Indique as características desta actividade. Comente as repercusións na paisaxe e na economía (2,5 puntos)

RÚBRICA DE RESPUESTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso

Coñecementos

- Case non hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.

- A resposta non se axusta á extensión recomendada ou faino dun xeito forzado, en base de vaguidades.

Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado

Coñecementos

- Identifica o tipo de turismo da imaxe, pero apenas explica as súas características principais, as súas repercusións ambientais ou o fai de maneira incompleta ou con erros.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico.

- A resposta tenta axustarse á extensión recomendada, ben que o fai repetindo conceptos ou dun xeito un tanto forzado.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable

Coñecementos

- Identifica o tipo de turismo da imaxe, explica algunha das súas principais características e repercusións ambientais, pero a súa análise non é precisa ou completa

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.

- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión recomendada. Indica correctamente o número de provincias propostas entre: Asturias, Cantabria, Xiróna, Ávila, Cáceres, Illas Baleares, Navarra..

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaliente**Coñecementos**

-Identifica o tipo de turismo da imaxe (turismo rural), a súa localización e climatoloxía (zonas do Norte peninsular, áreas de montaña de toda a xeografía española, zonas de clima oceánico ou de montaña, áreas rurais..) e expón as principais características deste tipo de turismo relacionadas coa imaxe (aproveitamento dos recursos naturais, paisaxe, clima, recuperación de construcións propias doutras actividades económicas, turismo responsable co medio natural, aproveitamento e posta en valor das tradicións,.. e tamén se establece unha comparativa co turismo de masas e plantexa as diferenzas entre estes dous tipos de turismo).

- Analiza as principais repercusións ambientais deste modelo turístico fronte á sobreexplotación de recursos naturais, destrución da paisaxe natural, xeración de residuos, contaminación e degradación de ecosistemas... do turismo de sol e praia expón o cambio de modelo turístico, no que con menos ocupación se trata dun turismo activo, saudable , con pouca estacionalidade, ocupación do territorio de baixa densidade, recuperación do medio rural e fixación da poboación, terciarización da actividade rural e a súa posta en valor.

- Caracteriza este tipo de turismo pola súa sustentabilidade e contraste coa problemática do turismo de “sol e praia”.

Redacción – extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada.

- A resposta axústase a extensión recomendada.

2.2. Explique a importancia do turismo en España, os tipos existentes e as problemáticas actuais (2,5 puntos).**RÚBRICA DE RESPUESTA****Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso****Coñecementos**

- Case non hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.

- A resposta non se axusta á extensión recomendada ou faino dun xeito forzado, en base de vaguidades.

Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado**Coñecementos**

- Identifica o a actividade terciaria do turismo, pero apenas explica as súas principais repercusións ou o fai de maneira incompleta ou con erros

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico.

- A resposta tenta axustarse á extensión recomendada, ben que o fai repetindo conceptos ou dun xeito un tanto forzado.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable

Coñecementos

- Identifica diferentes tipos de turismo, explica algunhas repercusións, pero a súa análise non é precisa ou completa.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.
- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión recomendada.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaliente

Coñecementos

- Identifica o turismo como unha actividade terciaria con unha elevada contribución ao PIB español.
- Valora diferentes tipos de turismo: “sol e praia”, turismo rural, turismo cultural, turismo deportivo, turismo relixioso, turismo termal, turismo de congresos, turismo de concertos..
- Explica os aspectos polos que España se converte nun país con gran atractivo turístico: clima favorable, extensas praias, prezos competitivos, instalacións adecuadas, tradición cultural, instalacións deportivas, eventos culturais, patrimonio histórico-artístico.
- Cita algunhas repercusións desta actividade: económicas, demográficas, paisaxísticas
- Comenta algunhas problemáticas desta actividade: económicas, dependencia excesiva desta actividade, desaparición de actividades tradicionais, estacionalidade e precariedade laboral, aumento do custo da vida e da vivenda, expulsión de poboación local...
- Expón algunhas consecuencias sociolóxicas: “turismofobia” e as reaccións a turismo de masas nalgúns zonas da xeografía española analizando as súas causas (subida de prezos, xentrificación, deterioro da calidade de vida...). Novas formas de turismo “ecoturismo”
- Expón as principais repercusións ambientais: destrución da paisaxe ambiental, sobreexplotación de recursos naturais, contaminación e degradación de ecosistemas...

Redacción – extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada.
- A resposta axústase a extensión recomendada.

PREGUNTA 3. ESPAÑA EN EUROPA. Observe a figura 5 e responda un destes dous apartados:

3.1. A partir da figura 5, identifique o tipo de documento e a fonte; as áreas de maior densidade demográfica na UE en 2021 (despois do Brexit) e explique as causas que xustifican a mesma; explique as diferenzas principais de densidade de poboación en España e as súas causas. (2,5 puntos).

RÚBRICA DE RESPOTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso
Coñecementos -Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades; non se identifica o documento nin se aluden á “banana azul” ou aos contrastes demográficos en España.
Redacción / extensión-capacidade de síntese - Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. - A resposta non ten un desenvolvemento suficiente ou o fai dunha maneira forzada a base de vaguidades.
Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado
Coñecementos -Explica algunha característica do documento, relacionada coa distribución demográfica e as fontes. Non se explican causas das diferenzas na concentración de poboación.
Redacción / extensión-capacidade de síntese - A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico. - A resposta é ampla aínda que o fai repetindo conceptos ou dunha maneira un tanto forzada.
Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable
Coñecementos - Explica algunha característica do documento, relacionada coa distribución demográfica e as fontes. Apúntase algunha causa das diferenzas na concentración de poboación en Europa e España (segundo o recollido na rúbrica de sobresaínte).
Redacción extensión-capacidade de síntese - A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender. - A súa resposta axústase máis ou menos a extensión requirida para explicar as cuestións propostas.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaliente
Coñecementos - Identifica o documento como mapa de figuras (puntos proporcionais) que sinala a distribución da poboación e índice de avellentamento na UE, en 2021. Cartografía a base dos datos de Eurostat, axencia estatística europea, publicado polo IGN (Instituto Xeográfico Nacional). - Sinala a grande área de concentración demográfica de Europa central, desde os Países Baixos ao Norte de Italia, pasando polas áreas do Ruhr e Suíza; explica a pertenza desta área ao antigo eixo da “banana azul”, estendida desde Londres a Milán, e cortada na súa forma despois do Brexit -saída do Reino Unido da UE. - Explica a concentración demográfica en Centroeuropa como consecuencia de factores naturais (fácil comunicación fluvial nas áreas da grande chaira europea, ríos e canles abundantes,...) e económicos (desenvolvemento industrial, abundante explotación mineira no pasado, desenvolvemento de núcleos urbanos potentes asociados,...). - Analiza e xustifica a distribución territorial da poboación en España, con fortes contrastes entre a “España chea” litoral e Madrid, e a “España baleira” interior. - Indica as referencias a factores naturais, históricos e económicos que xustifican o contraste entre a España interior e a litoral (factores climáticos, industrialización, éxodo rural, migracións interiores). Redacción extensión-capacidade de síntese - A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada. - A resposta axústase a extensión requirida para dar resposta as cuestións expostas.

3.2. Comente a importancia e impacto da inmigración en España en tempos recentes. (2,5 puntos).

RÚBRICA DE RESPOTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso
Coñecementos - Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades; apenas menciona orixes das nacionalidades máis significativas na inmigración, nin áreas de destino. Redacción / extensión-capacidade de síntese - Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. - A resposta non ten un desenvolvemento suficiente ou o fai dunha maneira forzada a base de vaguidades.
Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado
Coñecementos - Explica algunha causa que xustifica a distribución da inmigración en España, actualmente, mais non se aclaran as áreas principais de distribución nin as nacionalidades implicadas. Redacción / extensión-capacidade de síntese - A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico. - A resposta é ampla aínda que o fai repetindo conceptos ou dunha maneira un tanto forzada.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable**Coñecementos**

- Explica algunha o algunhas das causas que xustifican a distribución da inmigración en España, actualmente; identifícanse algunhas áreas de distribución e sectores produtivos nos que está empregada a poboación inmigrante.

Redacción extensión-capacidade de síntese

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.
- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión requirida para explicar as cuestións propostas.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaínte**Coñecementos**

- Realiza algunha alusión á tradicional posición migratoria de España, país que se converteu en terra de acollida desde finais do século XX, pasando de ser “territorio que emigra a territorio que acolle”.
- Explica o proceso polo que España se converte en receptor de inmigrantes (crecemento económico vencellado á burbulla inmobiliaria, retroceso por mor da crise de 2007-08, recuperación tras o episodio pandémico de COVID-19, porta de entrada a Europa de inmigración africana e latinoamericana,...).
- Xustifícase a distribución territorial da inmigración -preferentemente en grandes aglomeracións urbanas ou áreas litorais de altas densidades de poboación, en relación co predominio de actividades económicas altamente produtivas.
- Relaciona o fenómeno migratorio con causas climáticas e políticas (migrantes climáticos, refuxiados políticos) ou de repouso na xubilación (áreas mediterráneas), mais sobre todo económicas (migrantes de baixos recursos procedentes de África e Europa oriental, mesmo de Iberoamérica,...).
- Indica os contrastes existentes entre a “España chea” e a “España baleira”.

Redacción extensión-capacidade de síntese

- A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada.
- A resposta axústase a extensión requirida para dar resposta as cuestións expostas.

PREGUNTA 4. VOCABULARIO XEOGRÁFICO ESPECÍFICO. (2,5 puntos)

Defina cinco dos dez conceptos resaltados no seguinte texto. Pode aportar, se procede, un exemplo significativo da España actual. (0,5 puntos por concepto)

Comunidade Autónoma.- Entidade territorial que está dotada de goberno autónomo, con capacidades executivas, lexislativas e xudiciais establecidas nun Estatuto de Autonomía. A estrutura de España na Constitución de 1978 fixa a existencia de 17 CCAA, ás que se engadiron máis tarde 2 cidades autónomas (Ceuta e Melilla).

Fondos estruturais.- Son instrumentos da Unión Europea que teñen por obxecto reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as rexións, e busca reforzar a cohesión económica e social. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –destinado ás rexións menos favorecidas- e o Fondo Social Europeo (FSE) –destinado á formación, para fomentar as oportunidades de emprego, son os principais.

Fenda dixital.- Desigualdade existente entre as persoas respecto ás posibilidades de acceso, calidade e formación no uso das TIC's (tecnoloxías da información e comunicación). Esta desigualdade dáse entre grupos de desigual condición socio-económica e entre habitantes das zonas rurais e urbanas, dado que a cobertura de internet é ben mellor en áreas densamente poboadas.

Meseta.- Superficie plana de gran extensión, horizontal ou lixeiramente basculada, elevada con respecto ao nivel do mar. Apenas presenta accidentes topográficos de importancia e os seus rebordes poden ser montañosos. En España é a unidade principal do relevo peninsular.

Poboación activa.- Sector da poboación que se atopa en idade apta para traballar (16 a 65 anos). Se está empregada denomínase poboación activa ocupada; se está en paro, poboación activa desocupada ou desempregada.

Inverno demográfico.- Situación que se produce actualmente en países que están no réxime demográfico moderno, con taxas de fecundidade que están por debaixo da taxa de reposición (2,1 fillos por muller), o que provoca un avellentamento da poboación e a necesidade de favorecer a inmigración de cara a cubrir os postos de traballo necesarios para o funcionamento da economía. Esta problemática é significativa nos países máis avanzados da UE e Xapón, así como tamén en Rusia.

Deslocalización industrial.- Traslado dunha actividade industrial dun país ou rexión a outro lugar, coa finalidade de abaratar custes. Co proceso de globalización da economía posto en marcha polas políticas neoliberais, moitas grandes empresas dos países máis ricos aproveitaron esta estratexia para situar as súas plantas de produción en países menos desenvolvidos, onde os salarios son máis baixos.

Denominación de orixe.- Certificación de calidade que se outorga a produtos dun determinado territorio do que toman o seu nome, que asegura certas características comúns que todos deben cumprir. Resulta cada vez máis frecuente en produtos agrarios (viños, aceites, carnes, legumes, queixos, doces, etc.). Un consello regulador autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren os parámetros esixidos.

Silvicultura.- Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais – susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos.

Aridez.- Termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.